


O tempo vital de Manuel María

Deixou atrás Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) a nación que axudou a construír coa súa riqueza: a poesía. Morreu o pasado mércores 9 de setembro cando a Terra Chá acollía ao poeta da terra. Con texto do seu biógrafo, Camilo Gómez Torres, Edicións A Nosa Terra ultima *O tempo vital de Manuel María*: unha publicación que verá a luz ao



par doutros ensaios como a *Breve Historia da Música Galega* de María Pilar Alén; *Obrerismo no Ferrol* de Eliseo Fernández; *Memoria de Ferro* de Antón Patiño Regueira; *Xénero e Poder. Ollada desde América Latina* de Isabel Rauber; *As bioinvasións na Galiza* de Xurxo Pérez Pintos ou *A política económica da Xunta de Galicia (1982-97)* de Manuel Cao.